

Concello de Covelo

DECRETO DA ALCALDÍA

Dentro do programa de Actividades Culturais que o concello ten previsto realizar no presente ano de 2021, se pretende desenvolver o “VII GALARDÓNS SÍNTETE COVELO 2021”. Para o desenvolvemento desta actividade e en uso das facultades que me confire a lexislación vixente, RESOLVO: APROBAR AS SEGUINTE:

BASES

“VII GALARDÓNS SÍNTETE COVELO 2021”

Obxecto e ámbito de aplicación.

“VII Galardóns Síntete Covelo”, ten a finalidade de facer público o recoñecemento á traxectoria de persoas ou entidades que leven a cabo proxectos destacados e relevantes para o noso concello e para Galicia. Terase en conta a súa contribución á creación, o arte, a ciencia ou humanidades, o deporte, o medio ambiente e a conservación do noso entorno e paisaxe.

Participantes.

Será aberto a solicitude de presentación as candidaturas presentadas por calquera persoa física, xurídica, asociación ou club, propoñéndose a eles mesmos ou a outra candidatura.

Formato das candidaturas.

As candidaturas teranse que presentar mandando o informe de méritos polos seguintes medios á atención da concelleira de cultura :

- En soporte informático, a través do correo registro.covelo@fegamp.gal
- Por correo ordinario.
- Ou entregando nas oficinas do Concello de Covelo.

Deberán incorporar o seu curriculum ou memoria do seu percorrido e traxectoria, notas de prensa, entrevistas na radio ou televisión, vídeos, etc., que deberán aportar nun sobre onde indique os datos da persoa, empresa, asociación ou club que se propón para o “VII Galardóns Síntete Covelo”.

Xurado.

O xurado estará formado por 3 tres persoas, membros dos distintos partidos políticos do noso Concello, por partes iguais.

1. María de Lourdes Enes Fernández (ou persoa en quen delegue)
2. Laura Santiso Castillo (ou persoa en quen delegue)
3. José Fernández Muradás (ou persoa en quen delegue)

O xurado será o encargado de estudar e valorar segundo a táboa do (Anexo 1) e puntuar, podendo conseguir un máximo de 30 puntos e en caso de empate, realizárase sorteo metendo os nomes nunha bolsa pechada e escollendo unha man inocente o día da entrega dos galardóns.

Criterios de valoración:



Concello de Covelo

1. Empadroado ou con sede no Concello de Covelo
2. Fomento do nome do noso pobo
3. Fomento do nome de Galicia
4. Fomento das tradicións galegas
5. Valoración das contribucións a creación, arte, ciencia ou humanidades e tamén a nivel deportivo, tanto dentro do municipio, como a nivel nacional e internacional.
6. Traxectoria e recoñecementos nacionais e internacionais.
7. Proxectos e actuacións destinadas á conservación do medio ambiente, mellora e embelecer o medio rural e a paisaxe do noso concello.

As dúas candidaturas que obteña a maior puntuación, serán as galardoadas, facéndolle entrega dunha placa conmemorativa e un agasallo representativo do Concello de Covelo nun acto público.

Datas importantes.

- Venres 3 de decembro de 2021 ás 14:00 h. remata o prazo de presentación de candidatos aos Galardóns, tódalas candidaturas presentadas fora desa data non serán avaliadas polo xurado.
- Domingo 19 de decembro de 2021 ás 18:00 h. entrega de galardóns no Auditorio Municipal de Covelo.

Aceptación das bases.

A participación e presentación da candidatura no cuarto certame de Galardóns Síntete Covelo, implica a aceptación de tódolos apartados das presentes bases. Quedan excluídos de ser galardoados os familiares en primeiro grado dos membros do xurado.

Aplicación orzamentaria.

O gasto total máximo desta actividade é de 600,00 €, que se imputará a partida orzamentaria 334.226,09.

O mando e asino, en Covelo, na data que figura na marxe.

O ALCALDE	A SECRETARIA
Asdo. Juan Pablo Castillo Amigo	Asdo. M ^a Jesús Rodríguez Freire
(Documento asinado electrónicamente)	

